

Nani Matos

Actor, guionista e director. Como actor traballou en numerosas series para a Tv. estando entre outras *Serramoura*, *Fariña*, *El desorden que dejas*, *O sabor das Margaridas*, *Los enviados*, *El caso Asunta...*

Escribe e dirixe as curtametraxes *Dies dei* (2009), *Flores para Amalia* (2013) e *Lurna* (2016), acadando entre elas máis de 200 seleccións nacionais e internacionais e perto de 50 premios. *Lurna*, a súa curta máis galardoada, estivo seleccionada en máis de 25 países.

En setembro de 2017, a asociación *No Name*, de Catania (Sicilia), concédelle a Nani Matos o premio Cinemigrare 2017 polo súa labor na visibilización da emigración a través da súa curtametraxe *Lurna*, e é invitado a participar nas xornadas sobre cine e emigración na cidade de Taormina.

En xuño de 2023 estreouse a súa curtametraxe *Antes de que se poña o sol*. Traballo que se atopa en plena distribución e coa que leva acadado, polo momento, 10 premios e máis de 30 seleccións en festivais nacionais e internacionais.

Actualmente desenvolve a súa actividade na produción e escritura de varios proxectos, así como na interpretación.